

NARRATIVA

Liberdade da muller, liberdade sexual

Beatriz Dacosta publica a súa segunda novela

Título: Precipicios.**Autora:** Beatriz Dacosta Molanes.**Edita:** Francka editora. Vigo, 2002. 152 pp.

Vén de saír á rúa un novo libro de Beatriz Dacosta Molanes, titulado *Precipicios*, na que é a súa segunda e prometedora incursión no mundo da literatura, pois xa en 1999, irrompe con forza ao acadar un accésit no VII certame literario "Manuel Lueiro Rey" de novela curta co relato "O cabalo das sete cores", que será publicado ao ano seguinte xunto a outros contos da propia autora, na colección *Descuberta* da editorial Galaxia baixo o título de *Cascas de noz*.

Hai nesta nova entrega de Beatriz Dacosta unha evidente denuncia social sobre o papel da muller na sociedade actual, das relacións entre homes e mulleres e dos cambios acelerados que se están a producir nestas relacións, debido en certa medida a que as mulleres gañaron moita liberdade e independencia, pero non a suficiente como para competir en igualdade de oportunidades cos seus conxéneros masculinos.

Os capítulos do libro están es-



Beatriz Dacosta.

truturados e secuenciados á maneira de intensos flashes narrativos, sen orden cronolóxico ou correlativa, que van proporcionando ao lector unha visión intemporal e atípica, pero sumamente atractiva do contido argumental.

Paz, a protagonista da novela, é unha muller casada que traballa nun gabinete xurídico en Santiago. Reside habitualmente en Padrón, polo que ha de coller o tren todos os días para ir a traballar. Ten dous fillos (David e Miguel Anxo), unha casa e un home (Víctor), que aos ollos dos seus parentes é maravilloso e traballa-

dor, en dúas palabras, o home perfecto, o marido ideal. Pero a realidade é outra moi distinta, Paz sente unha total apatía polo seu marido e a súa relación nin sequer funciona no aspecto sexual, a pesar de que ela intentou en diversas ocasións dinamizala tomando a iniciativa. Paz, ao igual que Lilith (que consideraba ofensiva a postura recostada que se lle esixía), polemizaba co seu marido sobre o modo e a forma de realizar a unión carnal. Víctor, en contra, forzaba a súa muller, sen reparar para nada nas apetencias da mesma, a adoptar a coñecida "posición misioneira", na procura dun pracer sexual egocéntrico e prematuro, favorecido polas sociedades dominadas polo varón.

Na suxeición estable e infeliz do matrimonio, Paz debátese entre a vontade de emanciparse e a tentación suicida do precipicio, e como náufraga da vida, comeza a busca dunha illa onde poder desafogar as frustracións e as penas, doutorándose en xeografías. Aquela permanente infelicidade que anega a súa vida condúcea entón polo curso das augas da infidelidade e a mentira. Eulalio, o

podólogo, será o seu primeiro amante, e faralle sentir novos mundos e diversas realidades, sacándolle do corpo a opresión constante do baleiro. Facéndoa sentir desexada ata o límite.

Pero os seus amantes masculinos só eran unha solución momentánea para evadirse dos seus problemas e escapar por uns minutos da triste realidade.

Daquela vai ser cando Paz se sinta profundamente atraída por Adriana, a substituta dunha compañeira de traballo que está de baixa por maternidade, e coa que terá a primeira oportunidade de amar fisicamente a outra muller, oportunidade que finalmente o medo e a indecisión acabaran por desbaratar.

Pero será no curso baixo da infidelidade, cando a auga doce se mestura coa salgada do mar, entrando na inmensidade do océ-

Libro
dinámico,
cargado
de sonhos e
crúas
realidades,
escrito
cunha
linguaxe
poética

ano, será entón, cando Paz, que nunca fora quen de recoñecer en voz alta a súa seducción por outra muller, vai ser sorprendida na súa *Montaña Máxica* por Delia, a doce Delia, unha muller portuguesa á que "non lle gustan os homes, aínda que ten probado algún". Será entón cando Paz atope a poesía que tanto botaba en falla na súa vida. Será entón cando dea o paso que non se atrevera a dar con Adriana, o paso definitivo que cambiará por completo a súa vida. Será entón cando xa non estará disposta a cumprir coa cadea perpetua do matrimonio, pois desde que coñece a Delia os días nacen de novo como andoriñas.

En definitiva, un libro dinámico, cargado de sonhos e crúas realidades, escrito cunha linguaxe poética tremendamente atractiva e unha riqueza léxica enveixable, que penso, dará moito que falar, polo libro en si, polo oficio que Beatriz Dacosta está demostrando nisto da escrita, e polo novidoso proxecto editorial que Francka editora non podía comezar de mellor xeito. ♦

RAFAEL FDEZ. LORENZO